



BOP

LUNS, 18 DE MAIO DE 2020

N.º 112

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

MODIFICACIÓN APARTADO 4.3.1 DO ANEXO DAS BASES XERAIS QUE REXEN OS PROCEDEMENTOS SELECTIVOS DE P.I DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO (VERTICAL E/OU HORIZONTAL.

No BOP do día 20 de abril de 2020 publicáronse as bases xerais que rexerán os procedementos selectivos para cubrir prazos do cadro de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal), da Deputación Provincial de Lugo, para xeral coñecemento do persoal funcionario e laboral da Deputación Provincial de Lugo, destinatarios dos procesos selectivos de promoción interna, regulados por estas.

Por resolución da presidencia de data 6 de maio de 2020, como consecuencia da resolución do recurso de reposición presentado polo Colexio Oficial de Traballadores Sociais, modifícase o apartado 4.3.1 do Anexo das Bases xerais, engadindo na relación de Entidades impartidoras das actividades formativas, que serán valoradas por estar relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca, o seguinte inciso:

"as realizadas polos Colexios Profesionais, en materias específicas da respectiva profesión".

O que se fai público para cumprimento das bases da convocatoria sinalando que

Contra a presente resolución, poderase interponer recurso potestativo de reposición, diante do Presidente da Deputación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia ou ben, recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia así como calquera outro que estime oportuno.

Lugo, 13 de maio de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0855